

GUÍA EXPRÉS



Cruzar as Vías

Seguridade en espazos ferroviarios para
MAIORES



AGENCIA ESTATAL
DE SEGURIDAD FERROVIARIA



AÑO EUROPEO
DEL FERROCARRIL **2021**

Datos de interese da rede ferroviaria española



Lonxitude rede ferroviaria: 15.301 km



Nº de estacións: 1.498



Nº circulacións trens/ano: 2.206.905



Viaxeiros: 487 millóns



Pasos a nivel: 3.144

Fonte: Observatorio do Ferrocarril. Informe 2017.

Datos interesantes sobre os trens

Algúns trens de alta velocidade pesan unhas 322 toneladas, o que equivale a 260 coches.

A distancia de freada dun tren que circula a 160 km/h pode ser de 1.000 metros, o que se corresponde con 10 campos de fútbol.

Algúns trens teñen unha potencia de 8.800 kW, como 120 coches.

Accesos non autorizados a espazos ferroviarios e vandalismo

Hai persoas que acceden aos espazos ferroviarios para **colleren un atallo**, para **tiraren fotos**, por **non pagaren o billete** ou por **cometeren actos vandálicos**.

Os accesos non autorizados a espazos ferroviarios poden ter consecuencias trágicas.

**114 mortos
en España en
accidentes en
puntos non
autorizados
(2010-2017)**



O acceso público ás vías do tren non está permitido, polo tanto, cruzalas nun lugar non autorizado é moi perigoso, ilegal e sancionable.



**MULTAS
de ata
7.500€**

Por onde se pode cruzar?

- ▶ Nas estacións e nas súas proximidades **existen pasos superiores, inferiores e ao mesmo nivel para atravesar as vías de forma segura.**
- ▶ Nos casos en que non existan outros pasos e haxa un **cruzamento entre as plataformas: pare, mire para ambos os lados, escoite atentamente e cruce cando sexa seguro.**
- ▶ **Cando vaia cruzar un paso a nivel, débeo facer sempre en condicións de seguridade** e inmediatamente despois de que estea permitido: **cando o semáforo se poña en verde para os peóns e/ou se levanten as barreiras.**

Claves para evitar riscos nos espazos ferroviarios

- ▶ Cando pasee ou faga deporte, manteña a distancia de seguridade coas vías.
- ▶ **Na plataforma, sitúese detrás da zona de seguridade, normalmente delimitada cunha liña amarela.**

Os trens pódono arrastrar e succionar.



- ▶ Nas estacións e nas súas proximidades, vaia por lugares autorizados, respecte os sinais e poña moita atención nos pasos autorizados para evitar caídas.
- ▶ **Nas estacións, atenda as mensaxes sonoras e visuais, así como as indicacións do persoal.**
- ▶ Se precisa cruzar acompañado, nos pasos permitidos espere para cruzar cando haxa outras persoas.

Como estar seguro nos espazos ferroviarios

- ▶ Nas estacións, teña un comportamento adecuado e non poña en risco a súa integridade ou a dos demais.
- ▶ As estacións e os espazos ferroviarios poden ser lugares con riscos. **O alcohol e algúns medicamentos alteran a nosa percepción do risco e reducen a nosa capacidade de resposta.**
- ▶ Na beira da plataforma ou preto das vías **falar polo móbil, tirar fotos, usar os cascos, estar pendente das redes sociais, etc. pode ter consecuencias moi graves.**



Como estar seguro nos espazos ferroviarios

- **Os trens son cada vez máis silenciosos.** Non se oíe cando se aproximan. Non intente cruzar se non é seguro.




- Nas estacións e nas súas proximidades, non ignore os sinais de advertencia de perigo.
- **Ao atravesar polos pasos permitidos sobre a vía, fágao pola zona central.**
- **É perigoso cruzar as vías do tren. Hai que estar sempre alerta, evite as distraccións.**

Aplique a súa experiencia, sentido común e coñecementos se vai cos netos. Apréndaos a estaren seguros.



PARA, MIRA, ESCOITA, VIVE!



**Cruzar
as Vías**

Elaboración técnica:



Secretaría Técnica:
**FUNDACIÓN DE LOS
FERROCARRILES
ESPAÑOLES**

AESF AGENCIA ESTATAL
DE SEGURIDAD FERROVIARIA